



# DA PEDRA DO SAL A CAIÓN

Adela Leiro, Mon Daporta  
xuño 2018



**Distancia:** 8,5 km (lineal)

**Dificultade:** baixa

## Descubrinto recunchos nos Cantís da costa da Morte

Unha camiñada de interese natural e paisaxístico entre dous puntos significados da Costa da Morte -a lagoa de Baldaio e a vila de Caión- con panorámicas que abranguen desde as illas Sisargas ata os puntos máis saíntes da costa de Ferrol. Un roteiro para facer aproveitando canto se poida os carreiros das beiras, para poder apreciar con detalle as formas e as estruturas dos

cantís, e coa marea baixa para camiñar polos areais que quedan cubertos ao subir a marea. Un percorrido duns 8,5 km no que podemos invertir, segundo o que nos demoremos nos puntos máis interesantes e se no lo permite a marea, de tres a catro horas.

## PERCORRIDO

Comezamos na Pedra do Sal, coa panorámica da lagoa, a marisma e a praia de Baldaio, para camiñar pola beira e ver o efecto do traballo das ondas e do sal nas rochas, e despois de rodear o Monte Gordo desembocar na enseada do Xunco e baixar á praia da Arnela, o areal que se estende entre Montefonte e Leira, con varias furnas (unha delas, húmida, cunha interesante vexetación) e abrigos, que só se poden gozar coa baixamar, e zonas rochosas nas que as algas e os animais que viven entre as pedras ou apegados a elas son os protagonistas. Pasado o porto de Leira, co seu regato e o seu coído, seguimos polos carreiros ao pé do cantil para descubrir a furna dos Porriños e un pouco máis adiante un pequeno arco que resiste ao fondo dunha canle entre paredes de rocha antes de chegar a outro dos puntos de interese do roteiro, á Furna Furada, co gran arco que se orixinou cando se afundeu o terreo detrás del, as furnas ao seu pé e outro arco máis pequeno que tamén resiste o efecto de desgaste dun pequeno regueiro. Desde aquí, xa pola pista, non é doado facelo por outro sitio, ata o desvío do paseo da praia de Caión, un camiño acondicionado desde o que temos unha magnífica panorámica da vila e o conxunto das súas praias, que nos leva á localidade que podemos rodear seguindo a liña da costa ata rematar no porto.



Por todo o percorrido podemos ver as formas de erosión nas rochas, pregamentos, fallas, sedimentos ao descuberto...



A Pedra do Sal




Furna do Corvo



Illote do Castelo



Praia da Amela



Punta da Fonte



Golfos nunha poza de marea



Furna na praia da Arnela.  
 No seu interior circula auga dóce o que crea un hábitat propicio para plantas de interese como as hepáticas e o fento *Adiantum capillus-veneris*



Herba de namorar



Algas, mexillóns, chuponas, lapas...



Percebes




Praias de Leira e A Arnela



Furna Furada



Arcos nas proximidades da Furna Furada



Pilancón



Praia do Caracoleiro e Caión

